
Estatutos da Asociación



Asociación cultural sen ánimo de lucro constituída en Vigo o 26 de xuño de 2025 ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia por resolución do 15-09-2025 co número 2025/27802-1

ESTE DOCUMENTO É TRANSCRICIÓN DO ORIXINAL PRESENTADO AO REXISTRO

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN LETRA ESCRITA

CAPÍTULO I SOBRE A ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación social e natureza.

Coa denominación «ASOCIACIÓN LETRA ESCRITA» constitúese unha asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable.

Artigo 2. Personalidade e capacidade.

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Domicilio.

1. A asociación establece o seu domicilio social en Rúa dos Pazos, nº 4 - Oficina 2, na localidade de Nigrán do Concello de Nigrán da provincia de Pontevedra.

2. O cambio do domicilio social requirirá acordo da Asemblea Xeral e a modificación dos presentes Estatutos. O acordo da Asemblea Xeral deberá ser comunicado ao Rexistro de Asociacións o antes posible e só producirá efectos, tanto para os asociados e asociadas como para os terceiros, desde que se produza a inscrición.

3. Mediante acordo da Xunta Directiva poderanse establecer outros locais asociativos na mesma ou noutras localidades dentro do ámbito territorial de actuación.

Artigo 4. Ámbito territorial de actuación.

1. O ámbito territorial no que a asociación vai a desenvolver principalmente as súas actividades é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Por iniciativa propia ou mediante acordos de colaboración con outras entidades, a asociación poderá desenvolver a súas actividades no territorio español e noutros países, especialmente con aqueles que comparten lazos culturais ou idiomáticos con Galicia.

Artigo 5. Duración.

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6. Fins e actividades

1. Os fins da asociación son os seguintes:

- a) Animar e promover actividades de escritura, en particular entre persoas afeccionadas a escribir ou que teñan inquietude por escribir, orientadas ao desenvolvemento da creatividade, o pensamento crítico, as habilidades de comunicación, o aprendizaxe de coñecementos e as relacións interpersoais aplicadas á creación de obra literaria como referente de benestar social e coa posta en valor da creación literaria como elemento dinamizador do nivel educativo e cultural así como da conciencia crítica e a capacidade analítica da sociedade.
- b) Animar e promover a creación de obra literaria e contidos análogos en calquera medio.
- c) Animar e promover a cultura de Galicia, en particular o uso do idioma galego.

- d) Apoiar e promover a edición e publicación das obras literarias e artísticas creadas polos asociados.
- e) Divulgar o coñecemento das obras escritas e publicadas en calquera medio polos escritores membros desta asociación, así como prestixialos ante a opinión pública e as institucións e organismos públicos e privados relacionados coa literatura.
- f) Orientar e apoiar aos asociados na defensa dos dereitos de autor.
- g) Divulgar, por tódolos medios ao seu alcance, os valores propios da literatura e da lectura. Fortalecer e promover a lectura en lingua galega, así como a presenza e o coñecemento do libro galego por parte da cidadanía.
- h) Establecer acordos, alianzas ou accións conxuntas con calquera institución, pública ou privada, en pro da consecución de los fines de esta asociación.
- i) Colaborar coas institucións e organismos públicos e privados do mundo da cultura nas actuacións relacionadas coa literatura e a arte en xeral.
- j) Promover, difundir e divulgar os fins da asociación en feiras, certames, seminarios, exposicións ou calquera outro evento ao que interese acudir.

2. A asociación poderá organizar calquera tipo de actividade para o cumprimento dos seus fins. Sen prexuízo de outras posibles establececese as seguintes liñas de traballo:

- a) Desenvolver actividades de formación e capacitación para ampliar o tecido de escritores en Galicia.
- b) Ofrecer aos autores asociados servizos de orientación, axuda e mediación en cuestións relacionadas coa creación, edición y publicación de obra literaria.
- c) Organizar actos que coaduxen ao coñecemento da obra escrita e publicada polos nosos asociados, así como por calquera escritor nado ou residente en Galicia, que cumpran cos requisitos recolleitos explicitamente nestes estatutos.
- d) Colaborar con persoas aíns ao mundo do deseño, impresión, edición, comercialización, educación actos públicos que apoién a difusión e coñecemento da creación literaria en especial de Galicia de acordo cos fins recolleitos nestes estatutos.
- e) Estimular a participación da cidadanía en actividades culturais relacionadas coa literatura e a práctica de escribir e ler.
- f) Organizar conferencias, charlas, encontros, simposios, xornadas, congresos, presentacións, etc., relacionadas co libro, os hábitos lectores e a creación literaria
- g) Crear comisións, foros, escolas, premios, talleres ou seminarios permanentes relacionados coa creación literaria, a edición e publicación de libros, os hábitos lectores e o fomento da lectura.
- h) Fomentar e establecer acordos de colaboración con bibliotecas, centros de ensino, entidades culturais e sociais, institucións públicas, editoriais, etc., coa finalidade de impulsar os obxectivos da asociación.
- i) Estudar, demandar e impulsar a creación e consolidación de infraestruturas bibliotecarias e culturais relacionadas co libro.
- j) Realizar, ofrecer ou intercambiar servizos de asesoramento a institucións públicas e privadas en torno á creación literaria e o fomento da lectura.
- k) Crear unha liña de publicacións en relación cos obxectivos da asociación.
- l) Realizar, publicar e participar en estudos sobre o libro, a creación literaria e a actividade lectura.
- m) Estudar e detectar necesidades lectoras en grupos poboacionais.
- n) Promover a protección do patrimonio bibliográfico e cultural.
- o) Promover a creación e animación de foros e clubs de escritura e lectura.
- p) Calquera outra actividade que reverta nos obxectivos fundacionais da asociación.

3. A asociación empregará os idiomas oficiais en Galicia sen discriminar a ninguén por causa da lingua. O galego será a lingua vehicular da asociación que promoverá o seu coñecemento e potenciará o seu emprego no funcionamento interno e nos labores administrativos, así como nas comunicacións das actividades e en calquera tipo de representación pública dentro do ámbito territorial de Galicia.

CAPÍTULO II DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7. Persoas asociadas

1. Poderá adquirir a condición de asociado calquera persoa física con plena capacidade de obrar e calquera persoa xurídica con acordo do seu órgano competente que mostre interese en participar no desenvolvemento dos fins da asociación e non estea suxeita a limitacións no exercicio do dereito de asociación.

2. No caso de menores maiores de dezaseis anos non emancipados poderán ser asociados co consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade e un informe de avaliación motivado que se elaborará atendendo ao procedemento que determine a Xunta Directiva.

Artigo 8. Clases de persoas asociadas:

1. Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de persoas asociadas:

- Socios fundadores, as persoas físicas que subscriben a acta fundacional.
- Socios numerarios, as persoas físicas que ingresen con posterioridade á subscrición da acta fundacional para a participación activa no desenvolvemento dos fins da asociación.
- Mentores, persoas físicas ou xurídicas relacionadas coa creación literaria que contribúan aportando o seu coñecemento e experiencia ás actividades que organice a asociación.
- Mecenas, persoas físicas ou xurídicas que contribúan de forma notable, habitual e desinteresada ao sostemento económico e/ou financeiro da asociación.
- De honra, persoas físicas ou xurídicas que polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da asociación, sexan nomeadas pola Asemblea Xeral.
- Colaboradores persoas físicas ou xurídicas, non agrupadas noutras clases que axuden ao desenvolvemento dos fins da asociación.

2. Entenderase por participación activa a aportación habitual de traballo persoal non remunerado ás actividades que organice a asociación así como a participación na creación e publicación de obra literaria axustada aos fins da asociación.

Artigo 9. Procedemento de admisión.

1. Os socios fundadores serán admitidos coa subscrición do acta fundacional.

2. Os socios numerarios serán admitidos previa solicitude por escrito dirixida a Xunta Directiva, manifestando a súa vontade de participación activa no logro dos fins asociativos e acompañada, a ser posible, dun memorandum sobre a súa actividade literaria. A Xunta Directiva avaliará individualmente as solicitudes recibidas e previa deliberación emitirá un acordo de admisión que deberá ser ratificado na próxima reunión da Asemblea Xeral. Co acordo de admisión o aspirante considerárase admitido de xeito provisional, porén non será asociado de pleno dereito mentres no se ratifique pola asemblea.

3. Os mentores, mecenas e socios de honra da asociación adquirirán á condición por invitación da Xunta Directiva e previo recoñecemento ratificado pola Asemblea Xeral.

4. Os socios colaboradores serán admitidos previa solicitude por escrito dirixida a Xunta Directiva, que tras avalialas individualmente e previa deliberación emitirá un acordo de admisión.

5. En calquera caso non se admitirán como socios a persoas inhabilitadas por condena penal ou se atopen en mora por débedas económicas ou financeiras coa asociación.

Artigo 10. Dereitos de socios fundadores e numerarios.

1. Os socios fundadores e socios numerarios teñen os seguintes dereitos:

- Participar nas actividades da asociación.
- Asistir, participar e exercer os dereito de voto na Asemblea Xeral.
- Formar parte dos órganos de goberno da asociación e asumir a súa representación.
- Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación
- Ser informado da situación económica e financeira e do resultado obtido pola asociación na realización das actividades.
- Acceder aos libros contables da asociación e aos documentos de soporte auxiliar contable conforme as normas que determine a asociación.
- Coñecer os estatutos, regulamentos e normas de funcionamento da asociación.
- Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
- Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.
- A solicitar a baixa temporal ou definitiva da asociación

2. Os socios menores de idade non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación.

Artigo 11. Obrigas de socios fundadores e numerarios:

1. Os socios fundadores e socios numerarios teñen as seguintes obrigas:

- Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
- Pagar as cotas de socio, derramas e as achegas que se determinen mediante acordo adoptado pola Asemblea Xeral.
- Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
- Acatar o contido dos estatutos, pois a condición de socio/a na asociación implica a aceptación dos presentes estatutos, así como a súa observancia e o cumprimento de cantas normas se acorden nos órganos de goberno.

2. As persoas que deban suplir a capacidade dos socios menores de idade, serán responsables do pago das cotas de socio, derramas e as achegas que se determinen.

Artigo 12. Dereitos de outros socios

1. Os socios de honra, mentores e mecenas, agás no caso no caso de que reúnan tamén a condición de socios numerarios ou fundadores, non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta; poderán asistir ás asembleas con voz, pero sen voto; e estarán exentas da obriga de pagar cotas de socio e derramas que se determinen mediante acordo da Asemblea Xeral.

2. Os socios colaboradores non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta; poderán asistir ás asembleas sen voz e sen voto; e estarán exentas da obrigas de pagar cotas de socio e derramas que se determinen mediante acordo da Asemblea Xeral.

3. Ás asembleas unicamente poderán asistir os asociados e o persoal contratado pola asociación. Porén, a Xunta Directiva poderá convocar para asistir a unha asemblea sen voz e sen voto, a persoas que se determinen previamente e coa exclusiva finalidade de informar aos asistentes sobre cuestións técnicas o sobre a encomenda de traballos concretos.

Artigo 13. Perda da condición asociado

1. A condición de asociado pérdese:

- a) Por vontade propia, que se formalizará mediante a presentación dun escrito de renuncia ante a xunta directiva. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.

A mera manifestación verbal non será suficiente a efectos de renuncia, polo que o socio será responsable das obrigas que xurdan ata a que se produza a expulsión por outra causa.

- b) Por falta de pagamento de tres cotas de socio, derramas ou as achegas que se determinen mediante acordo adoptado pola Asemblea Xeral. A baixa será efectiva por acordo da Xunta Directiva ou por transcorrer noventa días naturais desde o nacemento da última obriga de pago.

A persoa que perdesa a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se abonase as cotas pendentes de pago máis, no seu caso, os gastos de xestión de reclamación da débeda nos que puidera ter incorrido a asociación e os intereses de mora, aplicando o tipo de interese legal do diñeiro.

- c) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.

- d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2. A expulsión de persoas asociadas nos supostos dos apartados b) e c) será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola asemblea xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

3. A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado nos supostos dos apartados b) e c).

CAPÍTULO III ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 14. Organización da asociación

O órgano de goberno da asociación é a asemblea xeral e o órgano de representación é a xunta directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

DAS ASEMBLEAS XERAIS

Artigo 15. Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 16. Reunións: clases e convocatoria

1. As reunións da asemblea xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico.

As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a xunta directiva ou cando o soliciten por escrito o 30% das persoas asociadas.

2. As reunións da asemblea xeral serán convocadas polo Presidente e por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.

3. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da asemblea.

4. A orde do día recollerá a expresión concreta dos asuntos a tratar e os anexos que procedan. Incluirá os asuntos que estableza a Xunta Directiva e, no seu caso, os socios que houberan solicitado a convocatoria.

5. As reunións, tanto ordinarias ou extraordinarias, poderanse convocar con carácter universal con establecemento do orde do día na mesma convocatoria.

Artigo 17. Constitución e quórum de convocatoria

1. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou representadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

As asembleas xerais con carácter universal precisan que estean presentes ou representados a totalidade dos socios con dereito a voto en única convocatoria.

A representación dun socio na asemblea deberá estar formalizado nun escrito dirixido á Presidente firmado dixitalmente cun certificado válido ou firmado manualmente achegando copia do documento nacional de identidade.

2. A asemblea Xeral poderase convocar, constituír, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

3. Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas participantes poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunión a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da asociación.

Artigo 18. Facultades da asemblea xeral ordinaria

Serán competencias da asemblea xeral ordinaria:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- c) Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da xunta directiva.
- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da xunta directiva.
- e) Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.

Artigo 19. Facultades da asemblea xeral extraordinaria

Serán competencias da asemblea xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.
- b) Acordar a transformación da asociación.
- c) Acordar a fusión da asociación.
- d) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- e) As que sendo competencia da asemblea xeral ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- f) Tódalas non conferidas expresamente á asemblea xeral ordinaria ou a xunta directiva.

Artigo 20. Adopción de acordos

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.
2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:
 - a) Designar aos membros da xunta directiva
 - b) Aprobado os regulamentos de réxime interno.
 - c) Aprobado a remuneración do traballo das persoas que integran os órganos de representación.
3. Será necesaria a maioría cualificada de dous terzos dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos iguallen ou superen as dúas terceiras partes das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos,
 - a) Modificar os estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
 - b) Constituír federacións e integrarse ou separarse delas.
 - c) Disolver a asociación.
 - d) Dispoñer ou allear bens que superen o 20% do valor do activo da asociación.
 - e) Abrir locais, sucursais ou delegación fora do ámbito territorial da asociación.
3. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.
4. Nas Asembleas Xerais actuarán como Presidente e Secretario quen o sexan da Xunta Directiva, sendo estes as persoas encargadas de certificar os acordos adoptados.

DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 21. A xunta directiva.

1. A xunta directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da asociación de acordo coas disposicións e directivas da asemblea xeral.

Estará formada por: Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e Vogais, designados pola asemblea xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incurso en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.
2. A duración do seu mandato será de catro anos, podendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.
3. Os cargos que compoñen a xunta directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.
4. Os cargos da xunta directiva cesarán na súa función por:
 - a) Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica
 - b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico.
 - c) Resolución xudicial.
 - d) Renuncia voluntaria.
 - e) Perda da condición de persoa asociada.
 - f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
 - g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova xunta directiva, aquela continuará en funcións ata a designación das novas persoas titulares.
5. De producirse vacantes na xunta directiva, estas serán desempeñadas provisionalmente polas restantes persoas integrantes, ata a elección definitiva pola asemblea xeral.

Artigo 22. Reunións e acordos

1. A xunta directiva será convocada pola presidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.
2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes, a metade máis un dos seus membros e, en todo caso, as persoas titulares da presidencia e a secretaría ou as persoas que as substitúan.
3. Para que os acordos da xunta directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos das asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade da Presidencia.
4. A xunta directiva poderase convocar, constituír, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas titulares da xunta directiva poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunión a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da asociación.

Artigo 23. Facultades da xunta directiva

A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Executar os acordos da asemblea.
- d) Someter á aprobación da asemblea xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- e) Convocar e fixar as datas das asembleas.
- f) Propoñerlle á asemblea xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.
- g) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- h) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á asemblea xeral.
- i) Resolver as solicitudes de ingreso das persoas asociadas.
- j) Propoñer o plan de actividades da asociación á asemblea xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- k) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

Artigo 24. Obrigas documentais

1. A xunta directiva será a responsable de levar, velar e, no seu caso, por a disposición dos interesados a seguinte documentación:
 - a) A relación actualizada das persoas asociadas.
 - b) Os libros contables de cada exercicio económico e súa documentación auxiliar
 - c) Os libros de inventario de existencias dos seus bens.
 - d) O libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.
2. A documentación conservarase observando o cumprimento da normativa vixente, en particular a que resulte de aplicación ao tratamento de datos persoais, a normativa fiscal e mercantil.

Artigo 25. Presidente/a

A persoa titular da presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a xunta directiva e a asemblea xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.
- c) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola xunta directiva e a asemblea xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da xunta directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 26. Vicepresidente/a

A persoa titular da vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da asociación nos supostos en que así se acorde pola xunta directiva ou pola asemblea xeral.

Artigo 27. Secretario/a

1. A persoa titular da secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
- b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.
- c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes
- d) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace da presidencia, así como emitir informes.
- e) Redactar o inventario de bens da asociación.
- f) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
- g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.

2. A persoa titular da secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da xunta directiva designado pola Presidencia.

Artigo 28. Tesoureiro/a

1. A persoa titular da tesourería terá as seguintes atribucións:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola xunta directiva e a asemblea xeral.
- b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia.
- c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a presidencia.
- d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación.
- e) Levar os libros de contabilidade e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola asemblea.
- f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

Artigo 29 Vogais

Terán as obrigas propias do seu cargo, e aquelas outras que lles sexan encomendadas, tales como realizar programas e estudos con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 30. Patrimonio inicial

A asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 350 euros, dado que cada un dos membros fundadores aporta 50 euros á dotación do fondo fundacional.

Artigo 31. Recursos.

1. Os recursos financeiros previstos para o desenvolvemento dos fins serán:
 1. As aportacións á dotación fundacional
 2. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
 3. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
 4. As doazóns ou subvencións concedidas por órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
 5. Os resultados do desenvolvemento das actividades da asociación.
 6. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.
 7. A financiación allea nos termos que se pacten.
2. Como entidade sen ánimo de lucro, os recursos obtidos destinaranse a financiar a estrutura económica para a realizar das actividades da asociación. En ningún caso serán distribuídos entre os asociados.

Artigo 32. Contas anuais

1. A Xunta directiva levará unha contabilidade ordenada, cos correspondentes libros de contabilidade e ficheiros auxiliares, que permita obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.
 2. Aos efectos do punto anterior aplicárase a normativa contable das entidades sen ánimo de lucro, en particular o Plan Xeral de Contabilidade adaptado ás entidades sen fins lucrativos que estea vixente (actualmente o Real Decreto 1491/2011 de 24 de outubro) ademais de calquera outra normativa que fora de aplicación para a levar as contas e liquidar impostos.
 3. Con carácter ordinario o exercicio económico coincidirá co ano natural. Abrirase o 1 de xaneiro de cada ano, terá una duración de doce meses e pecharase día 31 de decembro de cada ano. Con carácter extraordinario: no primeiro ano o exercicio económico iniciárase coa data na que a asociación quede legalmente constituída e pecharase o 31 de decembro do ano da devandita data; no caso de disolución da asociación pecharase coa liquidación da mesma.
 4. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Unha vez elaboradas poranse a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en asemblea.
 5. A asociación funcionará en réxime de orzamento anual.
- O tesoureiro da asociación elaborará un anteproxecto de orzamento diferenciando as partidas de ingresos, gastos, inversións e financiamento. O anteproxecto de orzamento deberá ser presentado e aprobado pola Asemblea Xeral antes do inicio de exercicio.

A liquidación do orzamento terá que ser presentada na Asemblea Xeral Ordinaria xunto coas Contas Anuais.

Artigo 33. Destino de ingresos a fins da asociación

Como asociación é entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso, estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO V REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 34. Regulamento de réxime interno.

1. Por acordo da asemblea xeral poderase aprobar un regulamento de réxime interno para o desenvolver aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.
2. A Xunta Directiva elaborará os regulamentos de réxime interno para a súa presentación á Asemblea Xeral. Os regulamentos deberán ser ratificados pola Asemblea Xeral.
3. O estipulado nos regulamentos non será contrario ao disposto nestes Estatutos ou á lexislación vixente.
4. O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 35. Modificación de estatutos.

1. Os presentes estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral.
2. Aos efectos convocarase a reunión con carácter de Extraordinaria con único asunto no Orde do Día. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto coas modificacións propostas.
3. O acordo de modificación adoptarase por maioría cualificada dos asociados presentes.

Artigo 36. Disolución.

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por acordo adoptado por maioría cualificada en asemblea xeral extraordinaria.
- b) Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.
- d) Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

Artigo 37. Liquidación.

1. Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
2. As persoas membros da xunta directiva no momento da disolución convértense en liquidadoras, salvo designación expresa de liquidadoras pola asemblea xeral ou por autoridade competente.
3. Corresponde as persoas liquidadoras:
 - a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
 - b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
 - c) Cobrar os créditos da asociación.
 - d) Liquidar o patrimonio e pagar as persoas acreedoras.
 - e) Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
 - f) Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrados.

4. O haber resultante da liquidación doarase a outra ou outras asociacións non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma, a ser posible que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.
5. Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

Reunidos os socios fundadores en Vigo a 26 de xuño de 2025 asinan estes documento con certificado dixital aceptándose firmas posteriores á susodita data.